

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E INNOVACIÓN E A CÁMARA OFICIAL MINEIRA DE GALICIA PARA A POSTA EN MARCHA DUNHA OFICINA DE CAPTACIÓN DE FONDOS EUROPEOS PARA O IMPULSO E SEGUIMIENTO DE PROXECTOS PARA A INVESTIGACIÓN, INNOVACIÓN E MODERNIZACIÓN

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Consellería de Economía, Industria e Innovación da Xunta de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Consellería formalizou coa Cámara Oficial Mineira de Galicia (COMG) o convenio arriba referido, por un período de vixencia que abrangue desde a data da súa sinatura ata o 15 de decembro de 2023.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular a colaboración entre a Consellería de Economía, Industria e Innovación e a Cámara Oficial Mineira de Galicia para a articulación dunha oficina de captación de fondos europeos para o impulso e seguimento de proxectos para a investigación, innovación e modernización, en concreto as actuacións obxecto do convenio son as que se describen a continuación:

**A1)** Asistencia á Administración autonómica con competencias en materia de minería á hora de mobilizar ás empresas e impulsar o acceso ao financiamento europeo para proxectos aliñados coa Axenda de Impulso de Minería sustentable de Galicia 2030 .

**A2)** Proporcionar asistencia ás empresas e ás entidades do sector mineiro na preparación e na presentación de proxectos de interese para o sector, na concorrencia ás correspondentes convocatorias e instrumentos de implementación do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia coas debidas garantías de éxito, así como ás convocatorias dos MFP 2014-2020/ 2021-2027.

**A3)** Prestar apoio na xestión técnica e administrativa dos fondos europeos captados para impulsar proxectos aliñados coa Axenda de Impulso de Minería sustentable de Galicia 2030 .

**A4)** Comunicación, presentación e seguimento da Oficina, mediante xornadas e comunicacións das actividades por diferentes medios e plataformas.





**A5)** Creación, mantemento e actualización dunha base de datos de posibles proxectos para implantar en Galicia recollidos a través de manifestacións de interese para a posta en marcha de proxectos tractores na comunidade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

O artigo 48.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, establece que as Administracións Públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as Universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poden subscribir convenios con suxeitos de dereito público e privado, sen que iso poida supoñer cesión da titularidade da competencia, sinalando no seu apartado 3 que a subscripción de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

O Regulamento de réxime interior da Cámara Oficial Mineira de Galicia de 30 de marzo de 2016 indica no seu artigo 2, alínea primeira, que "a Cámara Oficial Mineira de Galicia é unha corporación de dereito público, sen ánimo de lucro, que se configura como órgano consultivo, de asesoramento e colaboración cos poderes públicos, especialmente coa Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, sometido á tutela da consellería da Xunta de Galicia con competencia en minería. Para o cumprimento dos seus fins e exercicio das súas funcións goza de personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar. A súa estrutura e funcionamento deberán ser democráticos e suxeitarse ás disposicións do presente Regulamento."

Segundo o artigo 3 do citado Regulamento de réxime interior, a COMG "ten como finalidade a representación, fomento, promoción e defensa dos intereses xerais da industria mineira en Galicia, con especial atención á compatibilización coa protección do medio ambiente, a integración social e territorial, a innovación, a formación e a seguridade e saúde laboral das actividades mineiras, así como a prestación de servizos aos seus socios. Así mesmo, exercerá as competencias de carácter público que lle atribúe a lexislación relativa ás Cámaras Oficiais Mineiras e as que lles poidan ser asignadas polas Administracións Públicas de acordo cos instrumentos que establece o ordenamento xurídico".

As actuacións obxecto do convenio responden ao interese xeral e existen razóns de interese público, social e económico que xustifican, conforme ao artigo 19.4.c) e 26.2.a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a colaboración da Xunta de Galicia, a través da CEII, no financiamento das ditas actuacións.





A Consellería de Economía, Industria e Innovación achegará ata un máximo de **SESENTA MIL EUROS (60.000,00 €)**, con cargo a aplicación orzamentaria **05.03.734A-780.0**, dos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data indicada na sinatura dixital

O director xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais

Pablo Fernández Vila

